



M^a Teresa García Guillán, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello da Pobra do Caramiñal, o abeiro do disposto no art. 97/3 do R.O.F., para o seu debate na vindeira sesión plenaria, presenta ó Pleno unha moción para dar solución os problemas que teñen os veciños do Edf. Manuel Ecurís.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este edificio vén tendo problemas cunhas filtracións provenientes do exterior do edificio desde hai meses, exactamente desde o mes de xullo do ano pasado. Estas filtracións que comezaron en plena seca proceden do exterior do edificio tal e como puideron demostrar os veciños.

Ao longo destes meses o Presidente da Comunidade de Propietarios púxose en contacto coa empresa concesionaria do servizo municipal de auga para que emendase o orixe das filtracións. A resposta da empresa Viaqua sempre negou a súa responsabilidade dicindo que a auga non era da traída municipal, pero como consecuencia das denuncias presentadas reparou dúas grandes avarías na curva da urbanización do Lagar.

Vista a actitude de Viaqua, os veciños denunciaron os feitos ante o concello o 09/10/2017, procedendo o Concello a abrir expediente o día 23/11/2017 co número de referencia 3576/2017. Na denuncia achegáronse fotografías e o informe do perito da aseguradora. Como consecuencia desta denuncia realizáronse algunhas reparacións e a substitución dunha válvula na curva do Lagar. Ao realizarse as reparacións cortaron a auga e a auga desapareceu no garaxe, que volveu aparecer en canto restableceron o servizo.

Posteriormente a estes feitos, o 4 de xaneiro, os veciños tiveron que chamar a Viaqua porque a auga saía a barullo polo garaxe. Unha vez máis volveron reparar na curva do Lagar.

A pesar de todo, a auga continúa saíndo polo garaxe impedindo o uso de catro prazas do garaxe, danando xa a pintura de dous coches e producindo graves humidades na clínica situada na planta superior.

Visto que as reclamacións a Viaqua non dan resultado e visto que o expediente iniciado no mes de Novembro tampouco o daba, o Presidente da Comunidade de Propietarios solicitou por teléfono manter unha reunión con Miguel Alamancos, Concelleiro de Servizos. Esta chamada realizouse na primeira semana de decembro. Na semana seguinte volveu reiterar a petición de reunión co mesmo resultado. A partir desa semana as peticións de reunión realizáronse por escrito e a través do rexistro con idéntico resultado. Vista esta actitude modificanse as peticións de reunión facéndoas extensivas ao Alcalde Xosé Lois Piñeiro. O resultado é o mesmo, non responden.

Os veciños víronse obrigados ante este silencio e desamparo institucional a recorrer ao amparo do Valedor do Pobo que aceptou as súas demandas o pasado 17/01/2018.

Con posterioridade a isto último, o 19 de xaneiro o Técnico municipal chamou ao Presidente da Comunidade para visitar o garaxe e coñecer de primeira man o problema. Nos seus comentarios durante a visita deixou ben claro que se apreciaba que a auga procedía do exterior e que debía de proceder do servizo municipal de auga e que así o ía a facer constar no informe que lle pedían.

Na actualidade, os veciños continúan sen respostas e sen solucións, máxime cando se están ocasionando tantos e tan graves danos á propiedade.

Por todo iso, este grupo que represento solicita a adopción dos seguintes


ACORDOS:

1º.- Que o Concello entregue copia do informe elaborado polo Técnico municipal.

2º.- Que o Concello inicie as actuacións necesarias para a eliminación do orixe das filtracións, así como a solución dos problemas que están xerando as filtracións.

3º.- Que de forma urxente o Concelleiro de Servizos, ou o Alcalde ou ambos manteñan unha reunión ca representación dos veciños do edificio co obxectivo de acordar as actuacións pertinentes.

A Pobra do Caramiñal, 05 de Febreiro 2018.

A handwritten signature in blue ink, consisting of a large, stylized initial 'T' followed by a horizontal line extending to the right.

M^a Teresa García Guillán

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA
DO CARAMIÑAL**